

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: JOSÉ GARCÍA GARCÍA  
CURSO: 1º ESO  
MATERIA: EPVA  
DEPARTAMENTO: DEBUXO  
DATA: 18-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>1º ESO</b>	
<p><b>UNIDADE 0</b></p> <p><i>Comprobar se chega a acadarse a asimilación de:</i></p> <p>Obras, autores e épocas                      Proceso de creación, fases                      Evolución das artes visuais ao longo da historia</p> <p><b>UNIDADE 1</b></p> <p><i>Comprobar se chega a acadarse a asimilación de:</i></p> <p>Aplicación dun canon</p> <p><b>UNIDADE 2</b></p> <p><i>Comprobar se chega a acadarse a asimilación de:</i></p>	<p><b>UNIDADE 0</b></p> <p><i>A percepción e a composición. Historia da arte. Esta unidade iráse intercalando coas demais ao longo de todo o curso.</i></p> <p><i>Obras, autores e épocas</i>                      Indicadores de profundidade.                      A composición                      Cor pigmento                      Primarias e secundarias                      Os indicadores de profundidade                      Proceso de creación, fases                      Evolución das artes visuais ao longo da historia</p> <p><b>UNIDADE 1</b></p> <p><i>Proporcións</i></p> <p><i>A Figura humana. Rallolas.</i></p> <p>Os cánones na historia                      Aplicación dun canon</p> <p><b>UNIDADE 2</b></p> <p><i>A comunicación visual.</i></p>

Aplicación da liña e a cor  
Trazado de rectas cun xogo de escuadras  
O signo e o símbolo

### UNIDADE 3

*Comprobar se chega a acadarse a asimilación de:*

Texturas naturais e artificiais  
Visuais ou táctiles  
A expresividade das texturas

### UNIDADE 5

**Pictogramas. Terminoloxía: pictograma, anagrama, logotipo, imaxe corporativa**

Elementos conceptuais da linguaxe visual  
O punto  
A liña  
Tipos de liñas  
O valor expresivo da liña, do trazo e do grafismo  
Aplicación da liña e a cor  
Trazado de rectas cun xogo de escuadras  
O signo e o símbolo

### UNIDADE 3

*A percepción e a composición. Aplicar á historia da arte*

**Pintura flotante, Indicadores de profundidade. Historia da arte.**

**Veleiros. Paralelas e indicadores de profundidade.**

Texturas naturais e artificiais  
Visuais ou táctiles  
A expresividade das texturas  
Técnicas da obtención das texturas  
Procedementos secos  
Procedementos acuosos  
Soportes

### UNIDADE 5

***Comprobar se chega a acadarse a asimilación de:***

A cor e as sensacións: gamas cromáticas  
A cor como expression  
Manexo de escuadra e cartabón

**UNIDADE 6**

***Comprobar se chega a acadarse a asimilación de:***

Relacións entre as partes e o todo nun debuxo  
Os valores tonais

**UNIDADE 7**

***Comprobar se chega a acadarse a asimilación de:***

Operacións con segmentos  
Trazados e operacións con ángulos

***A cor***

A percepción das cores  
Cor pigmento  
Primarias e secundarias  
Propiedades físicas da cor  
A cor e as sensacións: gamas cromáticas  
A cor como expression  
Manexo de escuadra e cartabón

**UNIDADE 6**

***Proporcións***

**Bodegón xeométrico**

**Rallolas II**

Relacións entre as partes e o todo nun debuxo  
Os valores tonais  
Técnicas de debuxo  
A temperatura na cor

**UNIDADE 7**

***A percepción e a composición.***

***Espirais irregulares; enlaces sobre triángulos que serán esquemas para caligramas***

**UNIDADE 13**

*Comprobar se chega a acadarse a asimilación de:*

Representación de corpos tridimensionais

**UNIDADE 13**

*Volume*

Octaedro e maquetas en papel.

*Representación de corpos tridimensionais*

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Ata o momento da declaración do estado de alarma, a cualificación foi a marcada pola programación orixinal elaborada a principio de curso.</p> <p>A partir de este momento, e seguindo as directrices da Consellería de Educación, as actividades elaboradas polo alumnado valoraranse de 0 a 10 seguindo a mesma mecánica que durante a fase anterior do curso co obxecto de continuar cunha comunicación fluída entre docente e alumnado. Irán acompañadas de comentarios específicos.</p> <p>Os traballos contarán con prazo suficiente para seren entregados, e dado que nunca serán razón para baixar a nota de final de curso, non se avaliarán os enviados fóra de prazo.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Comunicación permanente entre profesor e alumnos/as vía aula virtual e correo electrónico para resolver dúbidas</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>As actividades elaboradas polo alumnado subirán a nota acadada ata o momento do confinamento, se teñen cualidade que demostre maior grado de consecución de obxectivos inherentes aos estándares de aprendizaxe.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>A proba extraordinaria de setembro versará sobre os contidos impartidos ata o momento da suspensión da asistencia ás clases.</p>
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>En 1º ESO non hai pendentes</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>En 1º ESO non hai pendentes</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Advertido pola Dirección do Centro, cada alumno con materias pendentes porase en contacto co profesor que lle facilitará o material necesario para a elaboración dun traballo. Con este traballo o alumno/a suspendido/a terá a oportunidade de demostrar dominio suficiente da dos estándares de aprendizaxe e recuperará a materia</p>



<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Actividades colgadas na aula virtual e deseñadas para a ocasión excepcional en que nos atopamos.</p> <p>As actividades versarán sobre contidos xa explicados, pero con modificacións, de maneira que sen ampliar contidos afondan nos estándares.</p> <p>Nalgún caso concreto, cara o final do curso introducirase algún estándar novo dos previstos antes da pandemia, pero só de xeito iniciático.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Uso de aula virtual, correo electrónico e fotografías de traballos en papel, co fin de depender o menos posible dos medios dixitais, cando o acceso é difícil.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Ficheiros pdf elaborados ex profeso para a situación. Blog da materia: <a href="http://www.epva-butades.blogspot.com">www.epva-butades.blogspot.com</a></p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado persoalmente a través da aula virtual do colexio e do correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.